

# CULTURA

O Instituto da Lingua iniciou o traballo en 1985, alicerzado basicamente en obras literarias

## Unha investigación identifica cen mil palabras do galego moderno

*As voces pertencen a textos editados entre 1612 e o 2002, e apenas se encontran termos científicos*

LA VOZ | SANTIAGO

■ O Tesouro Informatizado da Lingua Galega (TILG), elaborado polo Instituto da Lingua Galega, contén unhas cen mil palabras, aínda que de cada forma aparecen incluídas todas as variantes morfolóxicas e fonéticas. O proxecto comezou en 1985, segundo explicou o seu director, Antón Santamarina, no Congreso Internacional de Lusitanistas que se celebrou os últimos días en Santiago. Nas sesións precedentes foi tamén presentado pola mesma institución un instrumento semellante para o estudo do léxico medieval.

O TILG é resultado da investigación de 1.464 fontes, a grande maioría textos escritos. O máis antigo é o *Soneto de Pedro Bázquez de Neyra*, de 1612, e os máis recentes varios publicados no ano 2002. Tamén se inclúen contributos orais transcritos para teses de licenciatura e de doutoramento. No entanto, Santamarina afirmou ser «pouco significativo» o volume que representan.

### Predominio da literatura

A grande maioría son de produtores literarios. Na ampla relación figuran traballos dos nomes máis canonizados, como Rosalía, Castelao, Otero Pedrayo, Risco, Pondal, Curros, Lamas Carvajal, Manuel Antonio, Lugo Freire, Carballo Calero, Rafael Dieste ou Guerra da Cal; a outros calificados de «menores» ou «mínimo», como Pla Zubiri ou Baña Pose. Alguns contribúen con poucos versos, outros con centos de páxinas. Alén das dificultades características de calquer idioma, os investigadores defrontaron «infinitude de formas imprevisibles debido á fronde de variantes morfolóxicas e fonéticas, ás veces dialectais, e non poucas veces froito de prexuízos puristas e mesmo hiperpuristas do escritor».

A presenza da literatura científica é escasa, e predominan maioritariamente os textos de ciencias humanísticas, con escasos títulos de



IAGO VIANA

O historiador Ramón Villares destacou onte a obra de Castelao, na última conferencia do congreso

ciencias biolóxicas ou exactas. Para estas últimas, mesmo se acudiu a manuais de bacharelato ou a guías naturalistas, e tamén a algunha tradución. Santamarina salientou a excepcionalidade dun traballo como *A ernia inguinal sempre e o seu tratamento quirúrxico*, do médico Alexandre López. Tamén figuran numerosos textos xornalísticos.

O TILG foi denominado inicialmente *Base de datos lexicográfica para un dicionario da lingua galega*, e seguiu mo-

delos da Academia Vasca e do Institut d'Estudis Catalans, que tiveron maior apoio económico e medios. Porén, o Instituto da Lingua Galega contou tamén con subsidios da Xunta todos os anos, desde 1986.

O traballo está dirixido desde o inicio por Santamarina, e o director informático foi Arturo Reguera. Participaron máis de 20 colaboradores, alén da empresa Imaxin, que forneceu a aplicación para disponibilizar o TILG na Internet, na web do Instituto da Lingua Galega.

### LA FRASE

*«De cada termo incluímos no Tesouro Informatizado de Léxico Galego moderno todas as variantes morfolóxicas e fonéticas que temos documentadas»*

### ANTÓN SANTAMARINA

Director do proxecto, que o presentou no Congreso Internacional de Lusitanistas

## Dous galegos, na directiva da asociación de lusitanistas

■ A Associação Internacional de Lusitanistas terá maior peso galego na nova directiva, escollida onte. O profesor Elias Torres, da Universidade de Santiago, foi designado vicepresidente, e a súa colega, Carmen Villarino, continúa como vocal, e foi quen máis votos conseguiu dos oito candidatos eleitos, de varios países. A brasileira Regina Zilberman continúa como presidenta, e o portugués Carlos Reis como vicepresidente.

O doutor en Historia e rector da Universidade de Santiago, Ramón Villares, focou na última conferencia o significado de Portugal e

da cultura portuguesa para a identidade galega. O prestixioso historiador fixo un percurso desde a «vella Gallaeia» á actualidade, e salientou en especial o contributo de *Sempre en Galiza*, de Castelao, onde as referencias a Portugal son numerosas, sobre todo nos libros primeiro e terceiro.

### Recoñecemento

João de Melo e Pimenta Filho, das embaixadas de Portugal e do Brasil en Madrid, con Zilberman e Carmen Villarino proferiron os discursos finais. Neles, o idioma portugués foi calificado como «morada común», «lingua de viaxe e de

regreso», «lingua de portas abertas», alén de destacar a súa «universalidade» e convidar ao «cultivo da amizade» por ser «elemento profundo de aproximación». Zilberman destacou a innovación deste congreso polo papel diferente, de traballo activo, dos oito escritores convidados, dous deles galegos (Carlos Quiroga e Quico Cadaval) e os outros seis de Portugal, Brasil, Angola e Timor. Villarino afirmou que un obxectivo dos organizadores galegos era «conseguir o recoñecemento como espazo lusófono». O idioma oficial da organización foi o modelo que defende a Associação Galega da Lingua, que tivo ampla presenza nas sesións e presentou o *Portal Galego da Lingua*.

O próximo congreso será na illa de Madeira no ano 2008.

## Norman Mailer asegura que «la estupidez es la enfermedad americana»

EFE | LONDRES

■ Para el novelista estadounidense Norman Mailer, «la estupidez es la enfermedad americana», y el presidente de Estados Unidos, George W. Bush, es «maestro en esa práctica». En declaraciones que publicó el diario británico *The Independent*, Mailer, de 82 años, afirma que «uno de los requisitos para la salud de una democracia es el uso del idioma». Los británicos «aman el idioma inglés, lo adoran, lo respetan y viven por él... Pero está Bush, con un inglés americano como de palo. Es imperdonable», Mailer, que escribió en 2003 uno de los libros más duramente críticos contra el Gobierno Bush, *¿Por qué estamos en guerra?*, afirma que el político republicano reconoció que la guerra es «el mayor portaestandarte del fundamentalismo, porque se basa en la creencia de que tu país no comete errores».

## La antología poética de Robert Graves revela la importancia de la lírica en su obra

EFE | SEVILLA

■ La antología bilingüe de la poesía de Robert Graves que con el título de *Poemas* ha publicado Pre-Textos con traducción de Antonio Rivero Taravillo trata de poner de relieve la importancia de la lírica en el conjunto de la obra del autor conocido por *Yo, Claudio*. Robert Graves se afincó en Mallorca, en Deiá, en 1929, y allí vivió, salvo algunas temporadas y un paréntesis de diez años ocasionado por la Guerra Civil, hasta su muerte en 1985, a los noventa años de edad. El traductor Rivero Taravillo señaló que «una constante en la vida de Graves fue su infatigable cultivo de la poesía». La nueva antología recoge sesenta y siete poemas de todas sus épocas, entre los que hay «piezas maestras tan inolvidables» como *El rostro en el espejo*, lo que sólo supone un 5% de la producción poética del autor galés.